

**CIRCULAR 16/2016 (modificada con horario novo)**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

**CAMPIONATO DE GALICIA DE PENTATLÓN DE  
LANZAMENTOS DE VETERÁNS**

**Pontevedra, 20 de febreiro do 2016**

**Art.1)** O Club Atletismo Poio organiza o **Campionato de Galicia de Pentatlón de Lanzamentos de Veteráns**, que terá lugar en Pontevedra o vindeiro sábado **día 20 de febreiro** do 2016.

**Art.2)** Poderán participar todos aqueles atletas veteráns que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2015/16) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art. 3)** O pentatlón de lanzamentos consta das seguintes probas e orden: Martelo, Peso, Disco, Xavelina, e Martelo Pesado. Será obrigatorio ter unha marca acredita nun mínimo de tres das cinco probas.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 16 de febreiro do 2016** indicando o número de dorsal oficial da presente tempada.

**Art.5)** Deberán comunicarse as baixas ata 45 minutos antes do inicio da proba. No caso de non facelo aplicarase o artigo 12. A entrada à pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso à mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso à pista efectuarase 20 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

**Art.6)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

**Art.8)** Os atletas deberán utilizar o dorsal personalizado outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

**Art.9)** Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

**Art.10)** O horario definitivo publicárase o mércores antes do Campionato en función dos atletas inscritos.

**Horario modificado en función dos inscritos:**

| CAMPEONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE LANZAMENTOS LONGOS |       | CAMPEONATO DE GALICIA DE PENTATLÓN DE LANZAMENTOS DE VETERANS |  |
|--|-------|---|--|
| DE<br>50v<br>Mulleres                                | 09:15 | Martelo   |  |
|  | 10:30 | Peso  |  |
| Martelo masculino                                    | 10:45 |   |  |
|  | 11:45 | Disco   |  |
| Martelo femenino                                     | 12:00 |   |  |
|  | 12:45 | Xavalina  |  |
| Disco femenino                                       | 13:00 |   |  |
|  | 16:45 | Martelo Pesado  |  |
| Disco masculino                                      | 17:00 |   |  |
| Xavalina masculina                                   | 18:30 |   |  |
| Xavalina feminina                                    | 20:15 |   |  |

**Art.11)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito (direcciontecnica@fgatletismo.com), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.12)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2015/2016, R.F.E.A. e I.A.A.F.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 8 de febreiro de 2016